

**I.E.S. "ARMANDO COTARELO VALLEDOR"**

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6, 36611 - Sobradelo -VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra) Telf.: 986 51 23 11

**NORMATIVA APLICADA**

**DECRETO 206/2012**, do 4 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Administración e Finanzas. [DOG nº 207 de 30 de outubro de 2012]

**RESOLUCIÓN** do 22 de xuño de 2022 Artigo décimo segundo [DOG nº 128 de 6 de xullo de 2022]

## DESENVOLVEMENTO DO MÓDULO PROFESIONAL DE PROXECTO

### ÍNDICE:

1. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS.....	1
2. ASPECTOS XERAIS:.....	2
3. OBXECTIVOS:.....	2
4. PROCEDEMENTO -FASES DE REALIZACIÓN-.....	2
4.1. PRESENTACIÓN E VALORACIÓN DO PROXECTO.....	2
4.1.1. Presentación do Proxecto.....	2
4.1.2. Valoración definitiva do proxecto:.....	3
4.2. ESTRUCTURA E GUIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:.....	4
4.2.1. Identificación das necesidades de sector produtivo relacionadas co proxecto que se presenta.....	4
4.2.2. Deseño e execución do Proxecto incluíndo e desenvolvendo as fases que o compoñen.....	4
4.2.3. Definición de procedementos para o control da execución do Proxecto xustificando os instrumentos empregados.....	4
4.2.4. Documentación asociada ao Proxecto.....	4
4.3. SEGUIMENTO DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....	4
5. ENTREGA E EXPOSICIÓN DO PROXECTO.....	5
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO.....	5
7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	6
8. RECLAMACIÓN.....	6
9. RECUPERACIÓN.....	6
10. OUTROS ASPECTOS.....	6
11. RUBRICA PARA VALORAR O MÓDULO.....	7

### 1. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS

Este módulo complementa a formación doutros módulos profesionais nas funcións de análise do contexto, deseño do proxecto e planificación da súa avaliación.

- A función de análise do contexto inclúe as subfuncións de compilación de información, identificación de necesidades e estudo de viabilidade.
- A función de deseño do proxecto ten como obxectivo establecer as liñas xerais para dar resposta ás necesidades presentadas, concretando os aspectos salientables para a súa realización. Inclúe as subfuncións de definición do proxecto, planificación da intervención e elaboración da documentación.
- A función de organización da execución inclúe as subfuncións de programación de actividades, xestión de recursos e supervisión da intervención.
- As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no sector de administración e xestión.

**I.E.S. "ARMANDO COTARELO VALLEDOR"**

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6, 36611 - Sobradelo -VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra) Telf.: 986 51 23 11

## 2. ASPECTOS XERAIS:

En base ao Artigo décimo segundo, apartado 4. [*DOG nº 128 de 8 de xullo de 2022*]; en relación a programación, textualmente di: “A programación para o módulo profesional de Proxecto consistirá nun documento de especificacións sobre as características e o alcance do traballo que se vaia realizar, que en todo caso deberá tomar como referencia un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional de que se trate”.

Terá por obxecto a integración de diversas capacidades e coñecementos do currículo do ciclo formativo; esta integración concretarase nun proxecto de carácter globalizado que considere as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título. Defínense consonte as características da actividade laboral do ámbito do ciclo formativo e con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de Formación en centros de traballo, e avaliarase logo de cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

O desenvolvemento deste módulo organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva:

b) A titoría individual correrá a cargo dun único profesor ou profesora, integrante do equipo docente do ciclo, con carácter xeral o titor ou a titora do ciclo formativo, que actuarán como titor ou titora para todo o alumnado que estea en disposición de cursar este módulo, así como de coordinador ou coordinadora das funcións do equipo docente en relación a el.

O equipo docente estará constituído por tódolos profesores e profesoras que impartiron e imparten docencia no ciclo.

## 3. OBXECTIVOS:

Os obxectivos, formulados en termos de resultados do aprendizaxe, son os seguintes:

- **RA1.** Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
- **RA2.** Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
- **RA3.** Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.
- **RA4.** Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
- **RA5.** Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.

## 4. PROCEDEMENTO -FASES DE REALIZACIÓN-

O módulo profesional de Proxecto terá as seguintes fases de realización:

### 4.1. PRESENTACIÓN E VALORACIÓN DO PROXECTO

O procedemento de desenvolvemento do Proxecto sobre o contido, terá as seguintes fases, e o equipo docente, ou no seu caso, o titor concretará e dará a coñecer aos alumnos o calendario preciso, e de xeito orientativo, axustarase ao que sigue:

#### 4.1.1. Presentación do Proxecto.

Estas sesións que se propoñen son as mínimas, e con datas orientativas, sempre estarán en función da dispoñibilidade tanto de profesorado coma do centro; pero en todo caso, serán programadas, xusto despois de que sexa aprobado pola CCP o calendario de avaliacións .

Cando o comezo da FCT e por ende o desenvolvemento do proxecto coincida noutras convocatorias, as datas das reunións estableceranse a criterio do equipo docente, e a iniciativa do titor.

**I.E.S. "ARMANDO COTARELO VALLEDOR"**

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6, 36611 - Sobradelo -VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra) Telf.: 986 51 23 11

**a. Primeira sesión:** [O proceso iniciárase a comezos da segunda quincena do mes de Xaneiro]

**a.1. – Actividade docente.**

- Reunión do equipo docente para suxerir a os alumnos ideas sobre sectores e actividades para a proposta do proxecto.
- Exposición aos alumnos das ideas para tratar de motivar a súa creatividade.
- Identificación de alumnado con dificultades para desenvolver o proxecto.

**a.2.- Actividade do alumnado.**

- Análises e valoración das ideas facilitadas por os docentes.
- Intercambio de ideas de alumnos e docentes.

**b. Segunda sesión:** [a comezos da segunda quincena do mes de Febreiro]

**b.1. - Actividade docente.**

- Análises da situación actual, problemas xurdidos.
- Lectura, análises, e valoración dos borradores de proxecto.

**b.2. - Actividade do alumnado.**

- Elaboración e presentación de borrador ao equipo docente.
- O alumno entregará un borrador de Proxecto, en soporte escrito e dixital.

O equipo docente do ciclo formativo valorará o borrador, tendo en conta:

4.1.2. Valoración definitiva do proxecto:

O equipo docente valorará os Proxectos en base aos seguintes apartados:

- a. A súa adecuación ao ciclo formativo.
- b. Viabilidade da súa realización.
- c. Estrutura e formato do apartado 2

A valoración final poderá ser:

- 1.- Aceptación.
- 2.- Rexeitamento.
- 3.- Aceptación con modificacións.

4.1.2.1. **Aceptación:** Si a valoración do Proxecto é positiva, desenvolverase ao longo do período da FCT

4.1.2.2. **Valoración de -rexeitamento do proxecto-:** Nun prazo non superior a 7 días desde a notificación polo titor, o alumno poderá presentar en soporte escrito e dixital novo Proxecto.

4.1.2.3. **Valoración de -aceptación con modificacións-** Previa orientación do profesor titor respecto das modificacións, nun prazo non superior a 5 días desde a notificación da valoración, o alumno presentará en soporte escrito e dixital as correccións que lle foron indicadas. .

Recibido o Proxecto coas modificacións ou rexeitamentos, o equipo docente ou o titor procederá a unha nova valoración na que, de forma definitiva, aceptárase ou rexeitárase de novo.

Todo proceso terá lugar como moi tarde na primeira quincena dende que se inicie o período ordinario ou extraordinario de FCT do curso correspondente.

## I.E.S. "ARMANDO COTARELO VALLEDOR"

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6, 36611 - Sobradelo -VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra) Telf.: 986 51 23 11

### 4.2. ESTRUCTURA E GUÍON PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

O proxecto desenvolverase tendo en conta o seguinte guión:

- Título.
- Nome e apelidos do alumno.
- Nome e apelidos do profesor que titoriza o proxecto.
- Índice paxinado.
- Introducción, resumen da idea e obxectivos do proxecto.
- Obxecto/ Finalidade: Definición dos obxectivos que se perseguen ou do problema exposto.
- Metodoloxía. Guión de traballo para a elaboración do Proxecto.
- Instrumentos para a toma de datos (enquisas, investigación de mercado...)
- Contidos: O proxecto debe conter necesariamente os 4 apartados seguintes:

#### 4.2.1. Identificación das necesidades de sector produtivo relacionadas co proxecto que se presenta.

- 4.2.1.1. Identificación das necesidades máis demandadas das empresas do sector polas súas características organizativas ou servizo que ofrecen (competidores, provedores e clientes).
- 4.2.1.2. Valoración das oportunidades de negocio na zona, previsibles no sector. Análises DAFO.
- 4.2.1.3. Determinar as obrigacións fiscais, laborais e de prevención de riscos e as súas condicións de aplicación.

#### 4.2.2. Deseño e execución do Proxecto incluíndo e desenvolvendo as fases que o compoñen.

- 4.2.2.1. Identificación das fases ou partes que compoñen o proxecto e o seu contido.
- 4.2.2.2. Previsión e planificación dos recursos materiais, persoais e loxísticos necesarios para realizalo.
- 4.2.2.3. Identificación dos riscos inherentes a execución, definindo o plan de prevención de riscos e os medios e equipos necesarios.
- 4.2.2.4. Identificar as necesidades de financiación para a posta en marcha do mesmo.
- 4.2.2.5. Identificación de axudas e subvencións.
- 4.2.2.6. Confección dun balance provisional e da Conta de Perdas e Ganancias Provisional.
- 4.2.2.7. Estudo de viabilidade económica e ou técnica.

#### 4.2.3. Definición de procedementos para o control da execución do Proxecto xustificando os instrumentos empregados.

- 4.2.3.1. Definir os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- 4.2.3.2. Establecemento do procedemento para a avaliación das actividades, do proxecto e elaboración dos documentos específicos.

#### 4.2.4. Documentación asociada ao Proxecto.

- 4.2.4.1. Identificar [ou no seu caso só relacionar] as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- 4.2.4.2. Identificar [ou no seu caso só relacionar] a documentación necesaria para a execución.
- 4.2.4.3. Conclusións.
- 4.2.4.4. Referencias bibliográficas utilizadas.

### 4.3. SEGUIMIENTO DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

1. Nas reunións presenciais previas ao inicio da FCT que o titor mantéña cos alumnos, este entregarlle calendario do seguimento de proxecto, datas aproximadas de exposición dos mesmo, así coma toda a documentación e instrucións que estime oportunas.

2. Si na primeira reunión de seguimento, xusto despois do inicio da FCT, ou ben antes desta, o alumno manifestara a súa intención de cambiar de proxecto para adecualo ao sector da actividade onde desenvolve a FCT; deberá facerllo saber ao titor e o equipo docente, entregando nese momento a nova proposta que se atará ao procedemento establecido neste documento. O equipo docente, previa reunión autorizará ou denegará a proposta.

## I.E.S. "ARMANDO COTARELO VALLEDOR"

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6, 36611 - Sobradelo -VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra) Telf.: 986 51 23 11

O titor notificará ao alumno nun prazo non superior a 10 días a resolución do acordo; si é autorizado, o alumno desenvolverá o novo proxecto, si fose denegada, o alumno realizará o proxecto inicial.

3.- Nas reunións ordinarias das visitas dos alumnos ao Centro, ou cando o titor o estime; xa sexa reclamando puntualmente a presenza ou de xeito telemática, irá orientando, corrixindo e dando as pautas necesarias para o correcto desenvolvemento do mesmo.

## 5. ENTREGA E EXPOSICIÓN DO PROXECTO.

O titor/a individual dará a coñecer de maneira precisa e con antelación suficiente o calendario de entrega e exposición de cada Proxecto; tamén será publicado na Web do Instituto.

O alumno deberá presentar o Proxecto en soporte escrito e dixital ao titor/a individual, sete días antes do día que se cite para a exposición. En caso de ausencia de presentación, considerarase convocatoria consumida, agás que o alumno xustifique a ausencia, documentalmente segundo o Regulamento de Réxime Interno do centro.

A presentación consistirá na exposición do traballo realizado, a metodoloxía, o contido e as conclusións, cunha especial mención ás súas achegas orixinais.

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO

### 1ª PARTE: DOCUMENTO BASE DO PROXECTO

Características: formatos Word, PDF ou Software libre:

- Aplicarase un estilo a todo o documento, configurando Fonte e Parágrafo.
- 1ª páxina: portada cos datos do traballo e do alumno. Indicarase a data de presentación.
- 2ª páxina: táboa de contidos, incluíndo o número de páxina.
- 3ª páxina e seguintes: o traballo propiamente dito.
- Todas as páxinas, agás a 1ª, levarán encabezados e pés de páxina: nome do arquivo, páxina e nº de páxinas do documento. A colocación será á elección do alumno, e ocupará unha liña.
- O espazo entre liñas será diferente ao de parágrafos. Texto xustificadado.
- As marxes: esquerda de 3,5 e dereito de 2,5. Serán os correctos para imprimir a dobre cara. Deberá presentarse sen erros ortográficos nin sintácticos.
- O alumnado para a súa exposición oral poderá utilizar o programa da súa elección.

### 2ª PARTE: EXPOSICIÓN ORAL

O alumno deberá realizar una exposición oral do informe final do traballo ante o equipo docente do ciclo. A duración máxima desta exposición establécese en 15 minutos, non podendo o alumnado exceder este tempo. A non presentación nas datas e horas indicadas suporá a cualificación no módulo de Proxecto como NON APTO. Con aquel alumnado que non poida presentarse na data e horas indicadas e o xustifique documentalmente segundo o Regulamento de Réxime Interno do centro, estableceranse unas novas datas e horas de exposición.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN ORAL.

Cada profesor/a asignará unha cualificación de 1 a 10 e o resultado será a media aritmética de todas as puntuacións. A cualificación final será a media de: a) Aspectos formais, b) Contidos, c) exposición e defensa.

Para a exposición o alumno/a, se o estima conveniente, poderá facer uso do ordenador da aula e do proxector, así como de calquera material propio que traia. Terminada a presentación, o profesorado dispoñerá de tempo suficiente para expor cantas cuestións estimen oportunas relacionadas co traballo presentado, tras o cal emitirán unha valoración do mesmo que facilite, a emisión da cualificación deste módulo profesional.

Constituirase un tribunal formado, polo menos, polo titor individual, que actuará como presidente, quen exerce a titoría colectiva. Se ambas as titorías son a mesma persoa, a dirección do centro nomeará a outro profesor ou profesora do equipo docente do grupo. Sempre se avaliará despois de cursar e superar satisfactoriamente o módulo FCT. A cualificación do módulo de Proxecto será numérica.

**I.E.S. "ARMANDO COTARELO VALLEDOR"**

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6, 36611 - Sobradelo -VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra) Telf.: 986 51 23 11

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación, previamente coñecedor o alumnado deles, serán os seguintes:

- Aspectos formais** (presentación, estrutura documental, organización e redacción. O profesorado comprobará por un lado si o Proxecto presentado axeitase a estrutura antes descrita, cunha presentación de calidade e por outro comprobará que contén cada uno dos apartados indicados na Estrutura do Proxecto): **15%**
- Contidos** (dificultade, grado de resolución da proposta, orixinalidade, actualidade, alternativas presentadas e resultados obtidos. Co obxecto de garantir a orixinalidade e calidade do Proxecto se avaliará negativamente aquel Proxecto que plaxie o traballo realizado por outra persoa xa sexa total o parcialmente. Si para fundamentar algo se necesita utilizar algún texto de outra persoa, o alumno/a debe indicar que é propiedade desa persoa e a fonte da que se obtivo esa información.): **60%**
- Exposición e defensa** (calidade da exposición oral e das respostas as preguntas propostas polos membros do tribunal): prestando especial atención a capacidade de convicción que teña o alumno/a de que o seu Proxecto poida ser posto en práctica. **25%**

Cada profesor asignará unha cualificación de 1 a 10 e o resultado será a media aritmética de todas as puntuacións. A cualificación final será a media dos tres bloques do proxecto.

En caso de non obter unha cualificación positiva, o tribunal elaborará un informe no que consten os defectos que deban ser emendados.

## 8. RECLAMACIÓN

A reclamación ou impugnación da cualificación do módulo de Proxecto se rexera pola normativa de avaliación do alumnado de ciclos formativos de FP.

## 9. RECUPERACIÓN

Aquel alumno cunha cualificación do módulo de Proxecto inferior a 5 puntos, deberá recupéralo na sesión de avaliación extraordinaria que se establece regulamentariamente. A titora e o profesorado responsable dos módulos onde o alumno atopou maiores dificultades daránlle un informe de avaliación individualizado onde se indicarán as novas tarefas a desenvolver, o seguimento e a nova data de avaliación.

## 10. OUTROS ASPECTOS

- O Centro docente fomentará a creación dun fondo documental con un exemplar de cada proxecto, a partir dos orixinais, con indicación da autoría.
- Os autores dos proxectos teñen plena disposición e dereito exclusivo a explotación.

## 11. RUBRICA PARA VALORAR O MÓDULO

ASPECTOS FORMAIS		NOTA 1-10	CONTIDOS		NOTA 1-10	EXPOSICIÓN E DEFENSA		NOTA 1-10
Aspectos formais		NOTA	Valoración de negocio na zona		NOTA	Comunicación Verbal		NOTA
1	Presentación	4.2.1.1	Identificación das necesidades do sector		1	Fai unha introdución ao proxecto		
2	Portada, paxinado e índice	4.2.1.2	Valoración de necesidade de negocio na zona		2	Expón sen ler		
3	Xustificación e formato	4.2.1.3	Determina obrigas fiscais, laborais, etc		3	Desenvolve ben o tema, repite ideas importantes		
4	Erros ortográficos, sintáticos		Deseño, execución e desenvolvemento		4	Ten idea global do proxecto		
5	Redacción	4.2.2.1	Identificación das fases que compoñen o proxecto		5	Utiliza muletillas		
6	Contido obrigatorio	4.2.2.2	Previsión e planificación dos recursos		6	Responde as preguntas, aclara dúbidas		
		4.2.2.3	Riscos inherentes a execución do proxecto			Calidade da exposición		
		4.2.2.4	Necesidades de financiación			Comunicación non Verbal		NOTA
		4.2.2.5	Axudas e subvencións		1	Utiliza adecuadamente a mirada		
		4.2.2.6	Balances provisionais		2	Kinesis (movemento das mans)		
		4.2.2.7	Estudo de viabilidade económica ou técnica		3	Postura expositiva		
			Definición de procedementos de execución					
		4.2.3.1	Indicadores de calidade para avaliar					
		4.2.3.2	Procedemento para avaliar actividades					
			Documentación asociada ao proxecto					
		4.2.4.1	Necesidades de permisos ou autorizacións					
		4.2.4.2	Documentación para a execución					
		4.2.4.3	Conclusións					
		4.2.4.4	Referencias bibliográficas utilizadas					
<b>Media GLOBAL A.Formais</b>			<b>Media GLOBAL Contidos</b>			<b>Media GLOBAL de Exposición</b>		
<b>PONDERACIÓN DE RESULTADOS</b>								
ASPECTOS FORMAIS		NOTA	%	N.F	<b>0,0</b>			
CONTIDOS			15%					
EXPOSICIÓN E DEFENSA			60%					
25%								
OBSERVACIÓNS: _____								